

Da real fantasía

Un bo anaco de lectura

MARÍA NAVARRO

A pluma de Fina Caslderrey e as formas e cores de Manuel Uhía alíanse nas páxinas dun novo exemplar que destinado aos lectores mozos publica SM Xerme na coñecida serie “O barco de vapor.” O libro resulta atractivo dende o comezo. *O misterio da Casa do Pombal*, ademais de lembrarnos outros títulos como *O misterio dos fillos de Lúa*, *Lúas de nácara*, *O misterio na mochila de Alba*, *Cando a Terra esqueceu xirar* ou *O misterio do cemiterio vello*, practicamente asegura un bo anaco de lectura, xa que dende as primeiras páxinas atrapa o lector empregando ingredientes atractivos e substanciosos como una casa solitaria, sobre a que recaen todo tipo de comentarios, rodeada dun misterio inquietante e a chegada dunha familia non menos estraña. A partir do capítulo sete dispárase os enigmas e as ilustracións: manchas amarelas que tras ser limpas voltan a aparecer, sospeitosos ruídos, ver-

sos escritos nunha baldosa da cociña que é preciso descifrar e un cofre que contén a clave do soño de dona Rosa e con el a axuda a moitos nenos que precisan acubillo.

Da mesma forma que o comezo a lúa pinta de nácara as follas do verde carballo, así discorren os acontecementos agora reais, agora ficcionais e así remata a historia coa esperanza e coa satisfacción de poder continuar un camino que xa se ten comezado e do que se agarda recoller froitos en forma de sorrisos.

Ademais da temática de por si atractiva, na recepción da novela ten moito que dicir a linguaxe empregada: sinxela, como corres-

ponde á idade dos destinatarios, intencionalmente inxenua emulando os protagonistas, pero sen perder de vista a función educativo-pedagóxica da literatura, sobre todo, cando son nenos os que poden recibir a mensaxe e son valores como a solidariedade, o altruismo e o servizo aos demais os que guían a vida de determinadas persoas, ao mesmo tempo que se tenta preservar o equilibrio natural como legado valiosísimo para futuras xeracións.

Todo un mundo de real fantasía posto diante do lector para que el pense, elixa e actúe!

CASALDERREY,
Fina, *O misterio da Casa do Pombal* (Ilustr. Manuel Uhía), Ed. SM/Xerme, Vigo, 2009, 79 páxinas

